Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura de xeito estable da terceira praza de medicina xeral no Centro de Saúde da Pastoriza, a mellora da cobertura pediátrica no concello e a dotación do Punto de Atención Continuada de Meira cun equipo médico máis
BOPG nº 538, do 27.09.2019

- 56194 (10/POC-008833)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas detectados na asistencia sanitaria que se está a prestar no Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada de Cambados
BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56195 (10/POC-008834)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a universalización do ensino entre os 0 e 3 anos e a dispoñibilidade dalgún plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil que teña en conta as necesidades reais da poboación, así como as súas previsións respecto do incremento para o ano 2020 das partidas orzamentarias destinadas á construción de novas escolas infantís públicas
BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56218 (10/POC-008837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non garantir o inicio no ano 2020 da construción dun centro de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade, de xestión integramente pública, para a provincia de Ourense, así como a súa planificación temporal para ese fin
BOPG nº 540, do 02.10.2019



- 56224 (10/POC-008838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao abandono da estratexia que está a seguir en relación co Hospital Comarcal de Verín, as actuacións levadas a cabo ou que vai desenvolver para evitar a deterioración nos servizos de Dermatoloxía e Cirurxía e as súas intencións respecto do futuro do servizo de cociña do centro

BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56281 (10/POC-008843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción de novas escolas infantís de carácter público para a provincia de Pontevedra

BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56286 (10/POC-008844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha inspección a maiores das ordinarias no Punto de Encontro Familiar de Ourense, en relación coas denuncias das organizacións feministas respecto do seu funcionamento, se é o caso, os seus resultados e a súa opinión respecto da garantía no centro da confidencialidade necesaria

BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56428 (10/POC-008872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da proliferación de esperas para atención sanitaria no Hospital Comarcal do Salnés que non se ven reflectidas nos datos oficiais, a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da retirada a esa comarca da condición de área sanitaria e o volume actual do persoal asociado directamente a ese hospital

BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56441 (10/POC-008874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ao incremento que rexistra en setembro de 2019 o número de prazas existentes en escolas infantís públicas, en relación co ano 2009, e as previsións do Goberno galego ao respecto para o curso 2020-2021

BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56450 (10/POC-008876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio



Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das políticas seguidas en materia de atención ás persoas maiores, a súa opinión referida á suficiencia do número de prazas existente en residencias públicas maiores para cubrir a demanda que hai e os datos ao respecto
BOPG nº 540, do 02.10.2019

- 56663 (10/POC-008889)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á detección, tratamento e investigación da endometriose en Galicia

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56751 (10/POC-008911)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o desenvolvemento na actualidade do traballo do Consello Técnico de Atención Primaria

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56755 (10/POC-008913)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre as modificacións introducidas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56757 (10/POC-008914)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56761 (10/POC-008916)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto do funcionamento dos dous vehículos sanitarios utilizados para o desenvolvemento en Galicia dun proxecto de centro de diagnóstico e terapéutica móbil, así como a actividade que realizaron

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56763 (10/POC-008917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas

BOPG nº 544, do 09.10.2019



- 56765 (10/POC-008918)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o desenvolvemento do Plan galego de hospitalización a domicilio

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56867 (10/POC-008930)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre os datos referidos á elaboración do Plan de igualdade para o persoal da Xunta de Galicia previsto na lexislación vixente, e as razóns da demora na súa posta en marcha

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56898 (10/POC-008935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen e 2 máis

Sobre a previsións do Goberno galego para a distribución das subvencións adicionais do ámbito das políticas activas de emprego financiadas con cargo aos Orzamentos xerais do Estado e asignadas a Galicia para o ano 2019

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56901 (10/POC-008936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos á execución das obras de reforma do hospital materno-infantil e de construción do novo edificio de hospitalización anunciadas polo Goberno galego no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como o orzamento que se vai destinar no ano 2020 para eses fins

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 56947 (10/POC-008942)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para incrementar o número de prazas en residencias públicas para persoas maiores, os prazos estimados para o inicio e remate da construción das sete novas residencias anunciadas e o modelo de xestión que van ter, así como a súa valoración respecto das condicións laborais das traballadoras deste tipo de centros

BOPG nº 544, do 09.10.2019

- 57050 (10/POC-008952)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a información e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa venda do Hospital Povisa de Vigo a Ribera Salud, a inclusión nas condicións do concerto da posibilidade de cambiar a propiedade e a dirección do centro durante a súa vixencia e as súas intencións respecto da procura de fórmulas para a súa adquisición polo Sergas, así como as medidas que vai adoptar para garantir o mantemento dos seus postos de traballo

BOPG nº 547, do 16.10.2019



- 57101 (10/POC-008958)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do Acordo parlamentario referido á regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e da disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, así como a situación en que se atopa a súa execución

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57117 (10/POC-008960)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación da actividade asistencial do Hospital Montecelo e do PAC da Parda, en Pontevedra, no verán de 2019, respecto do ano 2018, as causas das saturacións rexistradas e as razóns da Consellería de Sanidade para non abrir as camas pechadas e non contratar, de xeito definitivo, máis persoal médico e sanitario

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57129 (10/POC-008962)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á venda do Hospital Povisa de Vigo a un fondo estranxeiro, a súa participación nas negociacións e o papel que está a desenvolver ao respecto, así como as xestións e as medidas levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas e o estudo dalgunha fórmula para a súa adquisición, a súa xestión pública e o mantemento dos seus postos de traballo

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57136 (10/POC-008963)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo acadado coas organizacións sindicais o 23 de novembro de 2016 para mellorar o traballo dos inspectores farmacéuticos, a valoración que fai da actuación da consellaría no brote hídrico de gastroenterite rexistrado en Corme o 21 de setembro de 2019 e as medidas previstas ao respecto

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57145 (10/POC-008964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da atención que se está a prestar en Galicia ás persoas sen fogar, a súa opinión referida á suficiencia do investimento que está a realizar para ese fin e as medidas previstas durante a décima lexislatura para o seu reforzo, así como as razóns da demora na posta en marcha do programa Housing First

BOPG nº 547, do 16.10.2019



- 57190 (10/POC-008972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á atención que se está a prestar á poboación durante a ausencia dun facultativo no Centro de Saúde de Calo, no concello de Teo, as súas previsións respecto da súa substitución e as actuacións que está a levar a cabo o Sergas para ese fin

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57209 (10/POC-008974)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación e actualización do estudo referido á pobreza infantil elaborado no ano 2014, as medidas que vai adoptar para evitar a exclusión educativa das persoas menores en risco de pobreza e as que vai impulsar para mellorar o emprego e a situación socioeconómica da mocidade

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57220 (10/POC-008977)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego referida á situación real do conxunto de pensionistas de Galicia, os datos que manexa en relación coas condicións de vida das familias que dependen dunha pensión pública e o número de persoas pensionistas que hai con dificultades para cubriren as súas necesidades básicas, así como as medidas e as actuacións previstas ao respecto

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57238 (10/POC-008980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción, durante a décima lexislatura, dun novo centro de saúde no concello da Rúa e, se é o caso, o investimento que vai realizar, así como a súa información respecto das intencións do actual Goberno municipal en relación coa cesión de terreos para ese fin

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57385 (10/POC-008997)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á cobertura da baixa da titular de Pediatría, de xeito estable, no Centro de Saúde de Chantada e as actuacións que vai levar a cabo para garantir a cobertura pediátrica no distrito sanitario do sur de Lugo

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57414 (10/POC-009002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da Rede galega de atención temperá, e en concreto na provincia de Lugo, en especial na unidade do Hospital Universitario Lucus Augusti, así como as medidas previstas ao respecto

BOPG nº 547, do 16.10.2019

- 57461 (10/POC-009011)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á política que está a levar a cabo en materia de emprego, as súas previsións en relación co desenvolvemento de plans na materia dirixidos ás persoas mozas e ao sector industrial, así como as actuacións levadas a cabo nos últimos anos, en coordinación con outras administracións, en materia de políticas activas de emprego

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57480 (10/POC-009020)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da súa colaboración coas entidades que traballan contra a trata e a explotación sexual

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57481 (10/POC-009021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do desenvolvemento da campaña Agresións off no segundo ano da súa implementación e o tipo de atención solicitada polas persoas usuarias do punto de información

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57560 (10/POC-009035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns polas que en Galicia as persoas con discapacidade física ou intelectual suxeitas a medidas xudiciais non teñen dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública, así como as razóns da demora e do prazo previsto polo Goberno galego para a modificación da normativa discriminatoria ao respecto

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57623 (10/POC-009046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a consideración que fai o Goberno galego das valoracións reflectidas no informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018 respecto do sistema público de saúde de Galicia, así como a súa opinión respecto da necesidade de modificar as políticas e decisións da Consellaría para evitar as eivas e problemas detectados nos distintos informes das institucións fiscalizadoras

BOPG nº 552, do 23.10.2019



- 57644 (10/POC-009049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da función dos educadores e educadoras sociais e do seu nivel de integración na Administración pública galega, a súa opinión referida á necesidade de regular esa profesión e as súas previsións en relación co impulso dunha lei galega de profesionalización da educación social

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57669 (10/POC-009054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun acordo de derivación de pacientes a Povisa desde o sistema público de saúde nun tempo coincidente co proceso de venda do centro hospitalario, a xustificación do Sergas a este respecto e a posible incidencia dese acordo na resolución final da venda

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57675 (10/POC-009055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do volume de profesionais de logopedia incorporados ao Sergas e as súas previsións ao respecto

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57681 (10/POC-009056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para desestimar a petición unánime de todos os grupos políticos de dotar Lalín dunha nova ambulancia, a actuación que vai levar a cabo en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro e a súa opinión respecto da actual dotación de vehículos de transporte sanitario da comarca do Deza

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57686 (10/POC-009057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do recente anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema Vioxén, de seguimento integral nos casos de violencia de xénero, e as súas posibles consecuencias para as vítimas

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57692 (10/POC-009058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis



Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da cobertura actual das emerxencias sanitarias en Lalín e na comarca do Deza e as medidas previstas para resolver as súas deficiencias
BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57694 (10/POC-009059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o estado actual da actuación denominada "VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos", prevista no Programa de vías de altas prestacións, cun investimento de 322.320.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2015 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57712 (10/POC-009064)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos centros hospitalarios galegos, os datos referidos á súa elaboración e as previsións ao respecto

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57717 (10/POC-009065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración e as previsións da Xunta de Galicia respecto das dificultades asistenciais que se están a producir na atención primaria á veciñanza do concello da Laracha

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57719 (10/POC-009066)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de demora na atención primaria da comarca do Morrazo

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57796 (10/POC-009083)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co Hospital de Verín

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57801 (10/POC-009084)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da eficacia da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, as súas previsións respecto do aumento da súa dotación de persoal e do orzamento destinado a esa fundación, así como as medidas previstas para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57806 (10/POC-009085)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do nivel que presentan as pensións das persoas galegas en relación coas do conxunto do Estado, as actuacións previstas para reverter a actual situación e as súas intención respecto da demanda ao Goberno central da rectificación das últimas normativas aprobadas que supuxeron a perda progresiva de poder adquisitivo das persoas pensionistas

BOPG nº 552, do 23.10.2019

- 57827 (10/POC-009093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da situación das medidas do Plan galego de atención primaria 2019-2021 postas en marcha

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 57881 (10/POC-009099)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á derivación de pacientes ao Hospital Povisa desde o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e a prórroga do acordo asinado polo Sergas o día 30 de setembro para este fin e as actuacións que vai levar a cabo para garantir a calidade asistencial nese hospital, así como o prazo estimado para apoiar a súa inclusión na rede hospitalaria pública

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 57896 (10/POC-009102)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense e a data de licitación das obras e mais as razóns da demora no seu inicio, así como as medidas que vai adoptar para cubrir a demanda de prazas públicas ata a posta en marcha do centro

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 57935 (10/POC-009104)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa inclusión laboral das persoas con diversidade funcional

BOPG nº 555, do 30.10.2019



- 57972 (10/POC-009112)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín e as súas previsións referidas á implementación dun plan extraordinario de dotación de persoal para a súa recuperación

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58024 (10/POC-009119)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a posible prescrición na actualidade en Galicia de tratamentos preventivos en relación co VIH con emtricitabina/tenofovir, as previsións referidas á elaboración dunha guía clínica da Consellería de Sanidade ao respecto e a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de realizar un estudo para o posible financiamento de medios profilácticos contra as infeccións de transmisión sexual

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58062 (10/POC-009126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as reaccións alérxicas padecidas por parte do alumnado das garderías da rede Galiña Azul da Choupana e do Hío, en Cangas do Morrazo

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58081 (10/POC-009129)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade referidas á posta en funcionamento e dotación de persoal do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como a asunción por este do traballo de cociña do Hospital de Verín

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58097 (10/POC-009130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás actuais condicións laborais do persoal investigador dos institutos de investigación biomédica de Galicia, así como as súas previsións respecto da apertura da negociación dun convenio colectivo digno e a designación dun representante da Consellería de Sanidade nela con capacidade de decisión

BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58110 (10/POC-009133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posible asunción pola Xunta de Galicia do compromiso de garantir un médico ou unha médica a xornada completa no Centro de Saúde da Teixeira, a súa opinión referida á atención sanitaria



que se está a prestar no Macizo central ourensán e as medidas de carácter urxente que vai adoptar para a reposición dese posto
BOPG nº 555, do 30.10.2019

- 58129 (10/POC-009134)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear e controlar a pobreza farmacéutica, así como a consideración da posibilidade de poñer en marcha algún sistema de alerta ao respecto que permita trasladar esta información ao sistema público para a atención dos problemas socioeconómicos

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58135 (10/POC-009135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da demora existente na cobertura das dúas prazas de pediatría vacantes no Centro de Saúde de Fene e as previsións ao respecto

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58142 (10/POC-009136)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego en relación cos casos de intoxicación alimentaria acontecidos nas gardarías da rede Galiña Azul da Choupana e do Híio, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A Sardiñeira, na Coruña, as medidas que vai adoptar para evitalos e as sanción impostas nos últimos anos ás empresas que causaron algunha intoxicación deste tipo nos centros escolares

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58149 (10/POC-009137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información do Goberno galego referida á reacción detectada en bebés tras o consumo do menú escolar nalgúns centros da rede Galiña Azul, as inspeccións realizadas e as sancións que vai impoñer ao respecto, así como o desenvolvemento na actualidade de todas as actuacións posibles para garantir a seguridade alimentaria dos máis pequenos

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58173 (10/POC-009140)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación de persoal e data de apertura do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

BOPG nº 557, do 06.11.2019



- 58178 (10/POC-009141)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Sergas para amortizar prazas de persoal celador, a súa cobertura con persoal doutra categoría e a súa exclusión das comisións de Atención Primaria, así como as xestións levadas a cabo polo Goberno galego respecto do desenvolvemento do Real Decreto 1700/2011 e as previstas para o recoñecemento desa categoría como persoal sanitario coa formación correspondente

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58202 (10/POC-009143)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a situación na que se atopa a atención sanitaria no Macizo central ourensán e, en xeral, en todo o medio rural de Galicia, a consecuencia da non cobertura das prazas e gardas do persoal sanitario especializado, así como as medidas e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58207 (10/POC-009144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as intencións da Xunta de Galicia en relación co arranxo da situación xerada pola presunta avaría da maquinaria do Servizo de Radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova, a incidencia que está a ter e a posibilidade de asunción polo Goberno galego do sobre-custo que supón para os pacientes da zona

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58329 (10/POC-009152)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para resolver o conflito laboral das traballadoras do Servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada, os convenios de colaboración asinados pola Consellería de Política Social co Concello e os datos referidos aos servizos financiados nel no ano 2019

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58368 (10/POC-009154)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre o posible requirimento pola Xunta de Galicia do inminente peche do Centro Abeiro, na Coruña, creado para cubrir as necesidades de descanso, hixiene e acompañamento social das persoas sen fogar que non cumpren as condicións para seren acollidas noutros servizos, as razóns desta decisión e, se é o caso, a proposta dalgunha alternativa para as persoas usuarias

BOPG nº 557, do 06.11.2019



- 58373 (10/POC-009155)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao aumento do número de logopedas no Sergas, a data estimada para dotar deste servizo as residencias de persoas maiores e centros de día, así como as razóns existentes para non permitir a incorporación desta profesión ao Consello Asesor de Atención Primaria

BOPG nº 557, do 06.11.2019

- 58504 (10/POC-009166)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o resultado das investigacións levadas a cabo en relación cos casos de intoxicación alimentaria acontecidos en varias escolas infantís da rede Galiña Azul de Cangas e da provincia da Coruña, as inspeccións realizadas e as medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 560, do 13.11.2019

- 58535 (10/POC-009172)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do traslado de dúas mestras titulares da Escola Infantil Galiña Azul de Carril a outra escola do concello unha vez iniciado o curso escolar e as previsións do Goberno galego respecto da súa recuperación

BOPG nº 560, do 13.11.2019

- 58553 (10/POC-009174)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as intencións da Xunta de Galicia referidas ao incremento da Rede de centros de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero e a implantación nela de programas socioeducativos e de orientación e inserción laboral

BOPG nº 560, do 13.11.2019

- 58690 (10/POC-009181)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a data prevista para a posta en funcionamento do novo Centro de Saúde de Gondomar, as razóns do último adiamento do traslado ao novo centro e a valoración do Goberno galego respecto da situación que padecen o persoal sanitario e a veciñanza

BOPG nº 560, do 13.11.2019

- 58692 (10/POC-009182)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego en relación cos casos de intoxicación alimentaria acontecidos nas gardarías da rede Galiña Azul da Choupana e do Hío, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A



Sardiñeira, na Coruña, as medidas que vai adoptar para evitalos e as conclusións das investigacións realizadas ao respecto, así como a valoración da posibilidade de asumir a xestión directa dos comedores escolares

BOPG nº 560, do 13.11.2019

- 58696 (10/POC-009183)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello de Lalín dunha nova ambulancia de soporte vital avanzado, a súa opinión respecto da suficiencia da dotación de vehículos de emerxencias da comarca do Deza e os datos referidos aos procedementos de investigación interna activados en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58753 (10/POC-009189)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación cos centros de atención de persoas maiores

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58767 (10/POC-009196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o grao de desenvolvemento actual da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais e os resultados da súa aplicación

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58774 (10/POC-009197)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do proxecto de real decreto presentado polo Goberno central no que se modifican os límites de exposición á inhalación de po de sílice cristalina e as súas intencións respecto da defensa dos establecidos na actualidade e ampliación dos servizos de atención ás persoas con silicose e outras pneumoconioses, así como a data prevista para a elaboración dun mapa de exposición a riscos laborais en Galicia

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58806 (10/POC-009202)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co asinamento dun convenio laboral para o persoal das fundacións de investigación sanitaria

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58824 (10/POC-009203)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva



Sobre as listas de espera existentes nos servizos de pediatría dos hospitais de Ourense, Verín e O Barco e as medidas previstas polo Goberno galego para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense

BOPG nº 564, do 19.11.2019

- 58889 (10/POC-009207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Sergas referida á existencia de problemas de cobertura das baixas e ausencias de persoal no Centro de Saúde de Cuntis, a súa posible incidencia no Centro de Saúde de Caldas de Reis e as medidas previstas ao respecto

BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 58939 (10/POC-009208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación da atención sanitaria no concello de Cerdedo-Cotobade, así como sobre as súas previsións respecto da cobertura das ausencias do facultativo do Punto de Atención Continuada de Cerdedo e a dotación deste centro cunha ambulancia

BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59082 (10/POC-009228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do servizo de pediatría na comarca do Ribeiro e as súas previsións referidas á garantía da dotación de persoal necesaria, así como sobre a implantación dese servizo no Centro de Saúde A Covada, en Oleiros

BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59130 (10/POC-009237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o restablecemento do servizo de radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova, así como sobre os datos referidos á derivación de pacientes ao Complexo Hospitalario de Ourense e a demora das consultas de traumatoloxía por causa da súa avaría

BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59136 (10/POC-009238)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre os datos do Goberno galego respecto da denominada "pobreza menstrual" en Galicia

BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59150 (10/POC-009240)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva



Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para abordar de xeito global o problema que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións, os plans que ten para realizar un mapa da súa localización, estado e retirada nos edificios públicos, así como sobre o estudo da posibilidade de establecer liñas de axuda para a súa retirada nas vivendas privadas
BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59164 (10/POC-009244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de negociar o réxime xurídico e sistema retributivo das matronas de atención primaria, as condicións que presenta o material existente nas súas consultas e o prazo previsto para o aumento das prazas para garantir a equidade en todo o territorio e adaptar as ratios aos niveis recomendados
BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59261 (10/POC-009257)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar na unidade de medicina interna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do incumprimento das ratios recomendadas e do mantemento dunha precariedade estrutural na contratación do Sergas, así como respecto das súas previsións sobre a dotación desa unidade cos recursos humanos e materiais demandados polo persoal
BOPG nº 569, do 27.11.2019

- 59289 (10/POC-009260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os resultados da investigación anunciada polo Goberno galego en relación cos casos de intoxicación alimentaria rexistrados en diversas escolas infantís da rede pública A Galiña Azul, as razóns existentes para non informar puntualmente as familias afectadas, así como o estudo da posibilidade de prestar directamente o servizo de comedor escolar
BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59338 (10/POC-009263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á posibilidade de rectificar a decisión de suprimir o servizo de paritorio e as gardas de pediatría no Hospital Comarcal de Verín, as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitar a deterioración deses servizos e a súa opinión respecto da necesidade de incrementar a dotación de persoal e de especialidades dese hospital
BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59349 (10/POC-009266)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 9 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución de actuacións de mellora no Hospital Comarcal de Verín

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59361 (10/POC-009268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 2 máis

Sobre a problemática existente en relación coa consulta de pediatria no concello do Pino e as previsións do Goberno galego referidas á cobertura da baixa da pediatra que pasa consulta no centro de saúde dese concello e no do concello de Touro

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59394 (10/POC-009270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á asunción das recomendacións reflectidas no informe elaborado por un grupo de expertos en xestión sanitaria titulado "Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde" e o desenvolvemento dun plan de acción ao respecto

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59402 (10/POC-009271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da capacidade e da calidade asistenciais actuais do Sergas en materia de saúde mental, as actuacións previstas ao respecto de xeito inmediato e os compromisos que pode adquirir no referido a melloras e implementación de novos recursos nos servizos desa área no Sergas

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59411 (10/POC-009273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica prevista para a Consellería de Política Social no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 destinada á reforma da Residencia do Maior de Pontevedra, situada no barrio de Campolongo

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59414 (10/POC-009274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica prevista para a Consellería de Política Social no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 destinada á reforma do centro de menores Avelino Montero, de Pontevedra

BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59487 (10/POC-009284)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego das actuais axudas ao alugueiro de vivenda destinadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, o prazo previsto para a modificación do decreto co fin de facilitar o acceso ao Bono de Alugueiro Social, así como as súas intencións respecto da valoración da posibilidade de regular os alugueiros en xeral
BOPG nº 572, do 04.12.2019

- 59509 (10/POC-009288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á extensión da decisión de suprimir o servizo de paritorio do Hospital Comarcal de Verín a outros hospitais comarcais situados en zonas que perdan poboación, así como a posibilidade da súa reversión cos datos de nacementos actuais

BOPG nº 576, do 13.12.2019

- 59534 (10/POC-009291)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación e distribución por categorías das 45 novas prazas de medicina, enfermaría e fisioterapia anunciadas na atención primaria para o ano 2019, a súa opinión referida aos centros de saúde que precisan un incremento delas de xeito inmediato e os criterios seguidos para a súa priorización

BOPG nº 576, do 13.12.2019

- 59698 (10/POC-009299)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a carencia de accesibilidade que presenta, para as persoas con discapacidade visual, o sistema automatizado de quendas para a atención á cidadanía implantado nas oficinas da administración pública galega

BOPG nº 576, do 13.12.2019

- 59754 (10/POC-009309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación de colapso rexistrada na primeira semana do mes de decembro no servizo de urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra, así como as razóns do Sergas para non adoptar medidas preventivas para evitar este tipo de situacións e non abrir as camas pechadas para atallalas

BOPG nº 576, do 13.12.2019

- 59825 (10/POC-009315)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das dúas prazas de xinecoloxía vacantes por xubilación nos centros de orientación familiar do Ventorrillo e Orillamar, na Coruña, a actuación que vai levar a cabo cando se xubile a única xinecóloga titular deses centros e as súas intencións respecto da estabilización dos postos das matronas no de Orillamar

BOPG nº 576, do 13.12.2019



- 59919 (10/POC-009324)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de non pechar os servizos de parturidoiro e de urxencias pediátricas no Hospital Comarcal de Verín, as súas intencións en relación co pechamento de servizos no resto dos hospitais comarcais e o prazo previsto para a cobertura das especialidades que se están a demandar neles

BOPG nº 578, do 17.12.2019

- 59930 (10/POC-009325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mediación na crise da empresa Muebles Hermita, de Lourenzá, para procurar un plan de viabilidade que garanta a súa actividade e os postos de traballo

BOPG nº 578, do 17.12.2019

- 59962 (10/POC-009327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa colaboración de xeito activo e a adopción das medidas precisas para aplicar en Galicia da lexislación estatal referida ao dereito á eutanasia e á morte digna, así como as súas previsións respecto da inclusión da axuda para morrer na carteira de servizos do Sergas e a regulación do dereito a ela

BOPG nº 578, do 17.12.2019

- 60025 (10/POC-009335)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre os feitos producidos en relación co parto dunha muller no Hospital Comarcal de Verín na madrugada do día 12 de decembro de 2019 e as previsións do Goberno galego ao respecto

BOPG nº 581, do 23.12.2019

- 60030 (10/POC-009336)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas por parte do Goberno galego para a cobertura de xeito regular das ausencias do persoal facultativo do Centro de Saúde de Touro, as xestións realizadas polo Concello ao respecto e as medidas que vai adoptar para arranxar o déficit de pediatras no medio rural

BOPG nº 581, do 23.12.2019

- 60089 (10/POC-009341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas que se deben adoptar para mellorar a capacidade asistencial do Centro de Saúde e do Punto de Atención Continuada do concello da



Guarda, así como a valoración que fai da situación actual da asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello e no conxunto da comarca do Baixo Miño
